



PASCUADO ENFERMO

Queridos irmáns,

Neste domingo, desde a Catedral de Lugo, celebramos xuntos a Pascua do enfermo. A resurrección do Señor Xesús é a boa noticia para todos, en calquera circunstancia en que esteamos; porque nos dá a certeza da nosa propia vitoria sobre a morte, a esperanza da vida eterna, de que o noso ser, feito de corpo e alma, está destinado por Deus á gloria do seu Reino.

Esta fe cambia as nosas mentes e corazóns, permítenos xulgar sobre as situacións e mirar o próximo cun criterio novo, sabedores de que a súa existencia, querida por Deus, é un ben; que o Señor nos manda que o amemos, como El o ama, como nos ama a cada un de nós.

Afirmar este amor pola nosa persoa, a esperanza da resurrección caracteriza toda a experiencia do cristián; e é decisivo cando nos atopamos en situación de enfermidade, cando a posibilidade da morte é percibida máis próxima.



A fe está chamada a responder entón a unha gran proba, a de poder seguir afirmando de corazón, aínda que sexa con forzas mínimas, que a nosa persoa segue sendo querida, que o Señor non nos vai a abandonar, que o noso destino é a vida na Patria e o fogar verdadeiro. Ante a escuridade e o desafío da morte que nos ameaza, e que non podemos derrotar sós, a fe axúdanos decisivamente: Deus é un Deus de vida, El é máis grande que a morte; feito home, resucitou, levando á gloria o seu corpo tan martirizado neste mundo.

A enfermidade, sobre todo, cando é seria, é para cada un un traballo moi grande; a impotencia que se experimenta é un reto moi difícil, só superable pola certeza da presenza e a compañía boa do Señor Xesús. El entende o noso sufrimento, porque o experimentou ata o final, e levaranos adiante, por camiños que El percorreu xa e que nós non coñecemos aínda, pero que conducen á luz da vida.

Contra a tentación, tan verosímil, de crer que un enfermo xa non importa, como parecen insinuar incluso as nosas leis, que tenden a ofrecernos a morte como solución, o Señor Xesús, ao que oímos con fe, segue dicíndonos: eu morrín por ti, quérote ao meu lado, non teñas medo; a túa vida segue estando chea de significado. Eu sei canto custa o tempo do sufrimento e sei tamén que vale moito, que poñerse en mans de Deus é un xesto absolutamente precioso aos ollos do Pai eterno.

Ningún poderíamos medir o valor do que viven os enfermos, os bens que nos conseguen coa súa confianza en Deus, coa súa oración sinxela. Non sabemos o que lles debemos, cada un e o mundo enteiro.

Axudémolos co testemuño da nosa proximidade, cos coidados e o cariño, con respecto verdadeiro, que as circunstancias non fagan diminuír, como nos ensina o bo samaritano. A nosa caridade será entón fonte de esperanza, reforzará a certeza da súa fe: Deus existe, ti es querido.

Sempre necesitaremos volver escoitar as palabras: non temas, Deus é un Deus de vida, e é máis grande que todo; ti es único, cheo de valor aos seus ollos, non deixarás nunca de selo.

En todo iso, os fleis, os sans e os enfermos, confiamos no Señor. El é o fundamento e o cimento, cando todo o demais resulta fráxil e se cambalea. El sostén a nosa vida, acompañanos con comprensión e misericordia, permítenos amar sempre. No Evanxeo asegúranos: eu sigo vivindo e vós viviredes.

Hoxe é a Pascua do enfermo. O Señor resucitou. El dános a paz, porque é grande e poderoso, porque é sabio e comprensivo, porque non despreza ao corazón quebrantado e humillado, Aquel que nos ama, que se entregou por nós, que vive para sempre e nos coida todos os días como Bo Pastor, Xesús, o noso Salvador.

A El, por intercesión da Santísima Virxe María, Saúde dos enfermos, encomendamos hoxe a todos os que sofren e especialmente aos nosos enfermos, a quen os acompaña, aos que os coidan, nas casas e os hospitais, ás nosas familias. Que Ela, Nai verdadeira, volva sempre a nós os seus ollos grandes e misericordiosos, para que todos sexamos dignos de alcanzar as promesas do noso Señor Xesucristo na vida verdadeira. Amén.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo